


DATA DE
RECEPCIÓN:
12/05/2019

DATA DE
ACEPTACIÓN:
19/08/2019

María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no Tempo
Blanca-Ana Roig Rechou (coord.)
Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Centro
Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Colección Cadernos Ramón Piñeiro, n.º 38
2018, 336 pp.
(ISBN: 978-84-453-5294-6)



Laura Caamaño Pérez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
laura.caamaño.perez@rai.usc.es



Un ano máis, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2018, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades vén de publicar o seu trixésimo oitavo volume dos *Cadernos Ramón Piñeiro* baixo o título *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no Tempo* dedicado á escritora de Literatura Infantil e Xuvenil —máis adiante LIX— Galega.

O novo volume colectivo, baixo a coordinación da recoñecida profesora e especialista Blanca-Ana Roig Rechou, reúne un conxunto de artigos centrados na traxectoria vital e literaria da homenaxeada, asinados por diferentes investigadores, alumnado e achegados da autora. O volume convértese nunha monografía de inescusable consulta para o lectorado interesado en saber máis sobre o labor da profesora, conferenciante e escritora María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, 1939-Pontevedra, 2005), xa que é das poucas monografías que achegan reflexións, desde distintas teorías literarias, sobre a obra literaria e ensaística da homenaxeada. Nela tamén se ofrecen traballos sobre o seu percorrido vital, pero neste caso, aínda

Caamaño Pérez, Laura (2019).

María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no Tempo (2018),
Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil, 6, "Recensións", 71-76. ISSN 2386-7620

que hai novidades, as achegas son menos orixinais, xa que con motivo da homenaxe foron varias as biografías que viron a luz, entre elas, son de salientar as debidas a Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito* (Edicións Xerais de Galicia, 2018), Ánxela Gracián *Doce cartas a María Victoria Moreno* (Hércules de Ediciones, 2018), Montse Pena Presas *A voz insurrecta: María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* (Editorial Galaxia, 2018) e Xavier Senín e Isabel Soto *María Victoria Moreno: sementadora de futuro* (Edicións Xerais de Galicia, 2018), contribucións que tamén analizan a obra dunha muller, en palabras de Montse Pena (2018: 163), “adiantada ao seu tempo”.

Ábrese o monográfico, desde o punto de vista textual, cun amplo estudo introdutorio titulado “Unha lectura da obra infantil e xuvenil de María Victoria Moreno: A modo de Limiar”, a cargo da súa coordinadora Roig Rechou. Esta recoñecida especialista no eido da Literatura Galega e en especial no da Literatura Infantil e Xuvenil Galega, sobresaie polo seu vasto e demostrado coñecemento sobre esta literatura, evidenciado en estudos varios. Sobre todo, débense salientar os seus traballos historiográficos, básicos para coñecer o devir da literatura e cultura galegas, e para saber situar a autoras como María Victoria Moreno, a quen Roig Rechou considerou unha pioneira da LIX Galega na súa Tese de doutoramento. Os extensos traballos *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade* (1994) e tamén en *A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia / La Literatura Infantil y Juvenil en Galicia* (Hércules de Ediciones, 2002) confórmanse como dúas obras fundacionais que foron capitais para axudar a que a LIX saíse da periferia, é dicir, das marxes do sistema literario galego. Axudou tamén a este proceso que Anxo Tarrío a introducise en *Literatura gallega* (Taurus, 1988) e que na súa obra historiográfica: *Literatura galega: Aportacións a unha Historia crítica* (Edicións Xerais de Galicia, 1994) afirmase que a LIX, polo seu patente desenvolvemento, xa precisaba das reflexións dos estudosos citados e tamén doutros que levaron a LIX ao centro do sistema, como se pode seguir hoxe pola *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (Edicións Xerais de Galicia, 2015), publicada baixo a coordinación da estudosa sonense Roig Rechou, onde se sitúa a María Victoria na xeración “Da Literatura institucionalizada á Infantil e Xuvenil” e se ofrecen as chaves estruturais e temáticas da súa obra literaria.

Coa rigorosidade e o bo facer que se lle reconece a Roig Rechou, coordinadora ademais da Red Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y



Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), complementábase a “presentación” da monografía reproducindo algúns fragmentos pertencentes á súa Tese de doutoramento para finalizar afirmando que María Victoria Moreno xa se pode considerar “como un dos clásicos da nosa Literatura infantil” (Roig Rechou, 2018: 11). Neste traballo, a modo de limiar, Roig Rechou amosa ademais o seu profundo agradecemento a todas as persoas que contribuíron na elaboración do novo *Caderno Ramón Piñeiro* que publica o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en colaboración coa Xunta de Galicia.

O centro de atención da monografía, como se adiantou, abrangue un conxunto de vinte e un artigos elaborados por prestixiosos estudosos da materia –boa parte deles asinados por mulleres–, alumnado e compañeiros da homenaxeada, nos cales se abordan diferentes cuestións relacionadas coa traxectoria vital e profesional dunha das figuras autorais da LIX Galega. Organízase en tres partes claramente diferenciadas e intituladas: “Biografía de María Victoria Moreno”, “Contribucións” e “Bibliografía”.

O primeiro bloque, baixo o título “Biografía de María Victoria Moreno”, acolle tres estudos: “A singularidade de María Victoria Moreno: o seu compromiso cultural coa Galicia antifranquista (1965-1973)” do profesor e estudoso Xesús Alonso Montero, “María Victoria Moreno: a muller que escolleu ser galega” dos tradutores Xavier Senín e Isabel Soto e “As veigas de Lugo e Pontevedra” da escritora Fina Casalderrey.

O profesor e investigador Xesús Alonso Montero no primeiro dos traballos “A singularidade de María Victoria Moreno: o seu compromiso cultural coa Galicia antifranquista (1965-1973)” explica a orixe do férreo compromiso que a autora cacereña tiña con Galicia e dá conta do seu perfil poliédrico como “profesora, escritora, conferenciante e concienciadora”. Salienta, tamén, a súa actitude fortemente marcada polo compromiso coa cultura galega e o encomiable labor desta “extragalega” como docente de lingua galega. Así, en palabras do propio Xesús Alonso Montero: “María Victoria non só era unha extragalega que escribía no noso idioma senón unha extragalega que ensinaba o idioma galego ás xentes do noso país” (Alonso Montero, 2018: 33).

No segundo artigo “María Victoria Moreno: a muller que escolleu ser galega”, Xavier Senín e Isabel Soto deixan claro o carácter sumario do seu estudo e fan fincapé naqueles aspectos máis relevantes da biografía da autora que “ao longo da década dos noventa, convértese nunha persoa ben coñecida en Pontevedra, polo seu labor como



docente; a súa obra literaria e cultural” (Senín e Soto, 2018: 50). Ámbolos dous autores coinciden en que o xermolo do compromiso de María Victoria Moreno co galego se remonta á chegada a Galicia da autora, momento no que toma consciencia da adversa realidade que estaba a vivir a lingua galega. Tamén fan referencia á participación da escritora cacereña en 1972 no Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho que a leva a gañar o segundo premio co conto “Crarisca e o luceiro”. Esta iniciativa literaria e cultural, polo tanto, anticiparía a eclosión dunha LIX que comezaba a agromar no sistema literario galego. Ademais das numerosas notas biográficas que dan a coñecer os autores, Senín e Soto non deixan á marxe algúns dos títulos máis coñecidos da autora no eido da LIX galega como *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *A festa no faiado* (1986), *Anagnórise* (1988), *O cataventos* (1989), *8 contos* (1989), entre outros moitos.

No último estudo que pecha a primeira parte, “As veigas de Lugo e Pontevedra”, a profesora e escritora Fina Casalderrey dá conta dalgunhas das súas lembranzas coa súa compañeira e amiga María Victoria Moreno, como mostra salienta as seguintes palabras que pronunciou a homenaxeada cando foi preguntada pola súa acérrima defensa da lingua galega e a súa profunda admiración por Galicia: “Escribo en galego por ética e por amor a Galicia [...]. Escribir en galego non limita posto que, se o que se escribe é de calidade, será sen dúbida traducido despois” (Casalderrey, 2018: 72).

A segunda parte do volume, “Contribucións”, reúne dezasete achegas con títulos que anticipan no paratexto titular o contido de cada unha das colaboracións, nas que se esmiúzan tanto as obras literarias da autora dirixidas aos máis novos coma aquelas que se dirixen a un público máis avezado, sen esquecer a obra ensaística e o labor docente levado a cabo a partir da literatura. Nos seguintes contributos “María Victoria Moreno: unha precursora na inclusión educativa e social” de Eulalia Agrelo (UVigo/ICE/USC); “A paixón por ensinar: mestras e metáforas do leite en María Victoria Moreno” de Marilar Aleixandre (USC/RAG); “María Victoria Moreno Márquez, escritora e profesora” de Luís Alonso Girgado (CRPIH); “A biblioteca persoal de María Victoria: reflexións sobre os propios libros” de Ánxela Gracián (ICE/USC); “A medida dos sentimentos” de Eva Mejuto e “María Victoria Moreno amor ao (de) país” de David Otero, os responsables dos artigos poñen de manifesto as inquiredanzas, querenzas e preferencias literarias da mestra e escritora. Nestes documentos, os asinantes debruzan unha María Victoria Moreno amante da lectura, en especial, da literatura clásica, defensora dun ensino de calidade —que pasaba por



ofrecer aos máis cativos unha literatura tamén de calidade— e preocupada por conseguir que os máis novos chegasen a ser lectores competentes.

A seguir, en “*Anagnórise*, nouvelle de amor e ruta” de Luís Cochón (CRPIH); “María Victoria Moreno: a novela como unha viaxe” de María Jesús Fernández; “Motivos e recursos literarios en *Anagnórise*” de Mar Fernández Vázquez (ICE/USC); “Navegando *Mar adiante*” de Carmen Ferreira (ICE/USC); “Vermello sobre azul” de Moncha Fuentes; “Á sombra da emoción da palabra literaria de María Victoria Moreno” de Antonio García Teijeiro; “A narrativa xuvenil de María Victoria Moreno: *Guedellas de seda e liño*” de Isabel Mociño González (UVigo/ICE/USC); “As personaxes femininas de *O amor e as palabras*” de Marta Neira (UVigo/FCE/USC); “Achega fraseolóxica á obra de María Victoria Moreno: *Leonardo e os fontaneiros*” de Verónica Pousada Pardo (UVigo/ICE/USC); “María Victoria Moreno: *Elexías de luz*” de Xesús Rábade Paredes e “María Victoria Moreno” do ilustrador Manuel Uhía, os especialistas centran os seus estudos na intensa produción literaria da autora. Así, pois, Mar Fernández Vázquez propón unha análise dos motivos e recursos literarios empregados pola autora na novela *Anagnórise* (Editorial Galaxia, 1988), en clara chave feminista. Pola súa banda, Carmen Ferreira detense, fundamentalmente, en comentar a temática e o estilo da primeira novela escrita en galego pola escritora. A estudosa Verónica Pousada céntrase na obra *Leonardo e os fontaneiros* (Editorial Galaxia, 1986) e salienta o tratamento novidoso da linguaxe empregada na novela, por tratarse dun discurso propio da fala dos adolescentes.

Péchase o volume cun último apartado, “Bibliografía”, da man da investigadora Belén Bouzas Gorgal con “Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno”. Como xa evidencia o propio título, a filóloga ofrece unha rica e variada nómina de fontes bibliográficas de consulta básica e tamén especializada, e aclara que a súa proposta bibliográfica está organizada en dous grandes apartados: o primeiro baixo o marbete “Bibliografía de María Victoria Moreno” onde se compila, de maneira cronolóxica, a obra de María Victoria Moreno, e contén os seguintes subapartados “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Literatura Institucionalizada ou de Adultos”, “Tradutora”, “Traducións da súa obra (ao galego, catalán, castelán, éuscaro, aranés, valenciano)”, “Estudos lingüísticos e literarios. Manuais” e “Outros traballos (obras colectivas, antoloxías, ensaios, relatorios, artigos, prólogos, etc.)”, e un segundo baixo o título “Bibliografía sobre María Victoria Moreno”, que reúne a bibliografía dispoñible acerca da



mestra, seguindo criterios baseados na súa orixe, coas seguintes subepígrafes “Libros e partes de libros”, “En publicacións periódicas (Recensións, Entrevistas e Escritos varios)”. Trátase dunha bibliografía descrita, un conveniente e útil apartado que complementa á perfección a monografía e é de uso imprescindible para calquera estudoso que queira saber máis sobre a vida e obra da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas.

En definitiva, este número 38 (2018) acolle perspectivas diversas e complementarias que trazan o perfil poliédrico da efeméride. Boa parte dos artigos inclúen, ademais, fotografías persoais e debuxos extraídos dos libros máis ilustrativos da autora. Con todo, é de xustiza salientar o laborioso e bo facer da especialista Belén Bouzas Gorgal que se manifesta na súa “Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno”. Trátase, pois, dunha listaxe de referencias bibliográficas actualizada e organizada en dous grandes bloques, sendo a día de hoxe un dos traballos máis ambiciosos e completos sobre a figura de María Victoria Moreno. Por este motivo, resulta unha ferramenta de consulta básica e imprescindible para lectores e mediadores interesados na figura de María Victoria Moreno como mestra e docente, unha escritora que non debe quedar no esquecemento dado o seu labor en prol da lingua, cultura en xeral e literatura galegas.



